

# DESCONCIERTO CULTURAL PRESENTA: RIVULETS - CICLO AUTORRETRATOS

Rivulets, o exquisito e descarnado *alter ego* musical de **Nathan Amudson**, será a primeira proposta de Desconcierto Cultural para o ano 2012. O **Cachán Clube de Santiago de Compostela** ofrecerá o marco idóneo —íntimo e recollido— para apreciar o vindeiro **9 de febreiro** as intensas composicións minimalistas do artista norteamericano. Desconcierto Cultural arranca así o 2012 coa recuperación do seu xa clásico Ciclo Autorretratos: concertos que buscan unha mirada retrospectiva en formato acústico, tratando de achegarnos aínda máis a esas cancións que marcaron a vida de moitos de nós.

Hai xa doce anos que Nathan Amudson iniciou un proxecto musical que marcou o seu primeiro episodio discográfico con aquel remoto *Rivulets*, que **Alan Sparhawk** de **Low** publicou no seu propio selo, Chair Kickers Union. Dende entón, Rivulets regaloulle ao seu público varios *singles* e EP e tres discos maravillosos, onde o seu son foi emparentando con bandas como **Spokane**, **Red House Painters** ou os xa mencionados Low. Nestes traballos, así como nos concertos de Rivulets, colaboraron integrantes de bandas tan relevantes na escena independente actual como Shellac, Codeine, Swans ou The Magnetic Fields.

A música de Rivulets é fermosa, sinxela e cálida a partes iguais, e arroupa unhas letras que se converteron na súa mellor carta de presentación. Nos seus versos, Nathan destila a melancolía e a crueza de alguén que ve o mundo con outros ollos, cos que fala dos desenganos, da perda e da soidade. No seu último disco, gravado nunha antiga catedral de **Duluth**, creceron as distorsións e a enerxía que desprende a súa guitarra, espindo os temas ata dotalos dunha estrutura minimalista e simplemente devastadora.


Así, desposuído de todo agás da súa guitarra, poderemos gozar del no Cachán Clube compostelán o vindeiro 9 de febreiro. Neste concerto exclusivo dentro da súa xira peninsular, sesenta afortunados poderanse deleitar, comodamente sentados, cunha desas actuacións que traspasan os corazóns máis pétreos. Para preservar a intimidade e a comodidade do espazo, o número total de localidades á venda será tamén moi reducido.

As entradas para o concerto estarán dispoñibles a partir da semana que vén a un prezo de 8€ en **Discos Gong**, **A Tenda Reixa**, e a través de [ticketea.com/rivulets](http://ticketea.com/rivulets). A entrada no despacho de billetes, pola súa banda, terá un prezo de 10€. E os socios de Desconcierto Cultural, o ambicioso proxecto galego de difusión musical independente, poderán adquirir as súas localidades por adiantado a un prezo especial de 5€.

## RIVULETS

09 de febreiro de 2012 – 21:00h @ Cachán Clube - Santiago de Compostela

Anticipada: 8€ | Despacho de billetes: 10€ | Socios: 5€



Web: <http://www.rivulets.net/>

Audio: <http://rivulets.bandcamp.com/>

Vídeo: <http://vimeo.com/30095019>

Foto Hi-Res: [1](#) - [2](#) - [3](#)



**Asociación Desconcierto Cultural**

> web ciclo: [autorretratos.es](http://autorretratos.es)

> email ciclo: [info@autorretratos.es](mailto:info@autorretratos.es)

> email xeral: [info@desconciertocultural.com](mailto:info@desconciertocultural.com)